

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

EXTRACTO da Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

BDNS (Identif.): 380445.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhafp.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Todos os concellos de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Regular o procedemento de concesión das axudas tramitadas ao abeiro do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, dirixidas ao fomento de actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais dos concellos de Galicia.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

Cuarto. *Contía*

A contía global da convocatoria é de 15.998.687 €, distribuída en dúas anualidades:

2017: 7.999.343,50 €.

2018: 7.999.343,50 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no DOG da Resolución do 15 de decembro de 2017 para a concesión,



mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Sexto. Outros datos

A concesión de axudas tramitarase en réxime de concesión directa, ao abeiro do artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 36.1.c) e 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei.

A porcentaxe de axuda calcularase sobre o importe dos gastos subvencionables ata o límite do importe asignado a cada concello.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2017

Miguel Ángel Pérez Dubois
Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

